



# Club de Iniciativas Deportivas Universitarias

Centro Universitario de Riazor (CUR) - Almirante Lángara, s.n. - 15011 A Coruña

CIF. G-15479215 \* N° Rexistro Deportes: 4407 \* N° Rexistro REMAC: 420

[www.xadrezuniversitario.org](http://www.xadrezuniversitario.org) - [cidu@xadrezuniversitario.org](mailto:cidu@xadrezuniversitario.org)

## Torneo Odeón - XXXII Universitario Lóstrego

Os Torneos Aniversario son unha actividade do Club de Iniciativas Deportivas Universitarias, apoiada pola súa entidade matriz; a asociación universitaria INCUDE e que conta co apoio da Deputación da Coruña (agardando a resolución deste ano). En 2024 imos reforzar a actividade no **Campus de Ferrol** de xeito que ademais de facer de novo no Campus o torneo lóstrego (na nosa terceira colaboración co **C. C. Odeón**) realizaremos tamén un torneo de difusión en **Cariño** e temos previstas mais actividades antes de rematar o ano.

### DATAS:

Sábado 29 de xuño de 2024.

### HORARIO:

Presentación: 17,00-17,25

1º Rolda: 17,30

2º Rolda: 17,45

3º Rolda: 18,00

4º Rolda: 18,15

5º Rolda: 18,30

Entrega de trofeos estimada: 18,45.

### LUGAR:

Centro Comercial Odeón.

Av. Cataluña, s/n, 15570, Narón (A Coruña)

### PARTICIPANTES:

Máximo 32.

### SISTEMA E RITMO DE XOGO:

Sistema: Suízo a 5 roldas.

Valedeiro para ELO FIDE.

Ritmo de xogo: 5' + 3" de incremento

### DESEMPATES:

Os sistemas de desempate serán sorteados tras a derradeira rolda.

### CATEGORÍAS:

Haberá unha única categoría.

### PREMIOS:

Trofeos para os tres primeiros e para o mellor membro da UDC, que será co campión de xadrez lóstrego deste curso..

Pequeno agasallo e libro para todos os participantes.

### INSCRICION:

De balde. No formulario electrónico publicado na web. [www.xadrezuniversitario.org](http://www.xadrezuniversitario.org)



Actividade  
subvencionada  
pola Deputación  
da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA